

Contaminación e Reciclaxe

Materiais e experiencias sobre medio ambiente

X. Astor, X. Paredes e L. Alberto Samartín
Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1995

"Este libro quere ser unha axuda para as persoas interesadas en coardar o seu contorno. Pretendemos dar unha información actualizada, tanto dos grandes problemas ambientais (chuvia ácida, efecto invernadoiro, etc.) como de cuestións máis puntuais (reciclaxe, vertedoiros incontrolados, incineración, etc.

Nas súas páxinas pódense atopar diferentes materiais para traballos sobre contaminación que o fan especialmente dirixido ós alumnos de ensino medio. As experiencias, as cuestións e as actividades que contén pretenden abarcar un amplo abano do curriculum en materias como física (cambio de unidades, enerxía, fluídos, termometría), química (estequiometría, equilibrios, procesos ácido-base, redox), bioloxía, etc."

Así se expresan os autores no prólogo do libro, que consta de 20 capítulos estruturados en cinco bloques temáticos: a contaminación atmosférica, a contaminación das augas, a contaminación dos solos, a contaminación industrial e urbana en Galicia, a reciclaxe dos residuos. En cada capítulo, á información (sucinta, como corresponde a un libro de 182 páxinas, mais clara na súa expresión e rigorosa no seu contido) seguen experiencias de laboratorio e/ou de campo, que se presentan cunha introducción (que soe explicar o obxectivo), unha relación do material necesario, unha explicación do procedemento a seguir e, como remate, unha serie de cuestións

para a interpretación dos resultados obtidos e para a aplicación dos mesmos a determinados aspectos ambientais. Plantéxanse así un total de 35 experiencias prácticas, das que máis da metade se refiren á contaminación atmosférica (a súa influencia no crecemento das plantas, observación dos contaminantes do fume do tabaco, efectos da chuva ácida, detección de contaminación electromagnética,...) e o resto repártese desigualmente nos 4 bloques restantes. Complétanse cun apéndice -preparación de solucións moi diluídas e material de uso habitual no laboratorio- e unha relación bibliográfica.

Anque algunhas das actividades poden revestir certa dificultade, pódese dicir que son, no seu conxunto, asequibles para os actuais Centros de Ensinanzas Medias, e hainas interesantes mesmo para actividades de Educación Ambiental non formal. Austero pero moi coidado na súa maquetación, que o fai de fácil manexo, o libro constitúe un recurso valioso para os Centros de Ensino e mesmo para calquera que, desde a perspectiva da educación ambiental ou simplemente para un mellor coñecemento, pretenda achegarse ás interaccións do ser humano co seu medio. En resumo, que o libro serve claramente para os obxectivos con que foi concebido polos seus autores. ■

E.C.

Aprendendo coas AVES

C. Silvar e C. Pedreira
Bahía Edicións. A Coruña, 1995

Cando as mensaxes que reciben hoxe os rapaces e rapazas os levan a interesarse fundamentalmente por mecanismos e técnicas totalmente artificiais (ordenadores, xogos electrónicos, vehículos veloces ou monecas con andares e voces robóticas) son precisos materiais que poidan despertar o interese dos/das máis pequenos/as por achegárense ó mundo natural. É o caso desta publicación, que utiliza como fio conductor medio cento de aves.

Alavanco real, andoriña común, peto verdeal, pita do monte,...desfilan polas motivadoras páxinas do libro; cada unha é presentada mediante un debuxo a toda color de Carlos Silvar, sinxelo pero realizado coa precisión do ezperto naturalista e, xa que logo, destacando as características fundamentais para o seu recoñecemento; ademais, enmárcaas no seu medio, de xeito que, ó tempo que proporciona información consegue páxinas de gran beleza. Un poema que acompaña á ilustración completa a primeira aproximación á ave,

conseguindo despertar simpatías desde o comenzo. As páxinas seguintes plantexan unha serie de actividades relacionadas coa especie presentada, actividades multidisciplinares que abranguen cuestións de cálculo, de literatura, de plástica,...; agás a lectura de imaxes con que escomenan sempre, son cuestionarios de gran variedade, que poñen a proba o inxenio e estimulan a investigación e a observación. A resolución do exercicio plantexados levará, sen dúbida, a profundar no coñecemento das aves e dos seus comportamentos, e mesmo a recuperar o achegamento á cultura vinculada ós bulideiros alados, nun logrado intento de manter vivo o mundo creado a partir deles, outrora tan presentes na nosa cultura popular.

Esta obra, dirixida a cativos/as de 10 anos, pode servir de apoio nas aulas para distintas materias (Ciencias Naturais, Literatura,...) pero é especialmente útil fóra delas, tanto para adquirir -lúdicamente- coñecementos coma para ocupar tempos de lecer, máxime cando a parte das actividades do texto, a publicación conta cun xogo clásico de fichas -"carreira de aves"- . E, anque promove a búsqueda de informacións fóra del, complétase cun solucionario (para tranquilidade dos adultos).

En resumo, é unha publicación que resulta atractiva desde a primeira ollada, tanto pola coidada composición e cromatismo presente en toda a obra, como pola orixinalidade e contidos; resulta obrigada para os cativos/as que amosen certo interese polos temas relacionados coa natureza e serve para que descubran que poden disfrutar de alomenos tantas aves diferentes como vehículos a motor ou monecas choronas. ■

P.S.

